



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito mercantil I

Materia	Dereito mercantil I			
Código	O03G081V01502			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Paula Pombar, Mercedes de			
Profesorado	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Paula Pombar, Mercedes de			
Correo-e	mfdepaula@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	DEREITO MERCANTIL I e unha asignatura que se imparte no primeiro periodo do terceiro curso de Grao en Dereito. Nela examínase, baixo unha perspectiva xurídica, a figura do empresario no mercado: quen pode ser empresario, seu estatuto xurídico, dereitos e obrigas, a representación mercantil e o réximen dos seus colaboradores, a propiedade industrial, as formas xurídicas de organizala empresa, e as situacións de crise que pode atravesar.			

Competencias

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C3	CE3 - Coñecer o concepto e fontes do Dereito Mercantil, así como o réxime xurídico do empresario individual e as sociedades mercantís
C4	CE4 - Saber interpretar e aplicar as normas mercantís relativas ao empresario individual e social
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Como resultado do aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	A2	B1	C3	D3
	A3	B2	C4	D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Tema

1. CONCEPTO E FONTES DO DEREITO MERCANTIL	1.1. Contido e elementos do Dereito mercantil 1.2. Concepto do Dereito mercantil 1.3. Fontes do Dereito mercantil
2. ESTATUTO XURÍDICO DO EMPRESARIO	2.1. Concepto e clases de empresarios 2.2. Responsabilidade civil do empresario 2.3. A representación mercantil 2.4. As publicidade rexistral mercantil 2.5. A contabilidade mercantil
3. REGULACIÓN DA COMPETENCIA	3.1. Disposicións xerais do Dereito de Competencia. Os Códigos de conducta 3.2. A competencia desleal. Prácticas comerciais desleais 3.3. Réximen xurídico da publicidade 3.4. A defensa da competencia 3.5. Accións derivadas da competencia desleal e das prácticas restrictivas da competencia
4. PROPIEDAD INDUSTRIAL	4.1. Propiedade intelectual e globalización 4.2. Protección xurídica das invencións 4.3. Protección do deseño industrial 4.4. Protección dos signos distintivos
5. DEREITO DE SOCIEDADES	5.1. Consideracións xerais e tipoloxía. A personalidade xurídica e o levantamento do velo 5.2. Sociedades de persoas 5.3. Sociedades de capital. Disposicións comúns 5.4. Sociedades de capital. Disposicións propias de cada tipo 5.5. Modificacións dos estatutos 5.6. Modificacións estruturais 5.7. Separación e exclusión de socios. Disolución, liquidación e extinción 5.8. Unións de empresas
6. DEREITO CONCURSAL	6.1. Incumprimento das obrigas e insolvencia do empresario 6.2. Precurso de acreedores: acordos de refinanciación e proposta anticipada de convenio 6.3. A declaración do concurso 6.3. A administración concursal 6.4. Masa activa e masa pasiva de concurso 6.5. Solución do concurso. O convenio. A liquidación 6.6. Calificación e conclusión do concurso 6.7. O mecanismo de segunda oportunidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	58.5	101.5	160
Resolución de problemas e/ou exercicios	20	43	63
Probas de resposta curta	1	0	1
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se plantexan e resolven dúbidas, e se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados. Adóitase empregar como complemento da lección maxistral.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse as dúbidas e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe, tanto de forma presencial (na aula e nas titorías), como de forma non presencial (a través do correo-e ou do campus virtual).

Avaliación

Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Sesión maxistral Exposición y debate. Resultado de aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	20	A3 B1 C3 A4 B2 C4 B4
Resolución de problemas e/ou exercicios Proba na que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecidos polo profesor. Desta maneira, o alumno debe aplicar os coñecementos que adquiriu. A aplicación desta técnica pode ser presencial ou non presencial. Pódense empregar diferentes ferramentas, como correo, campus virtual. Resultado de aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	20	A2 B4 C4 D3 A3 D5 A4
Probas de resposta curta Proba para a avaliación das competencias adquiridas, que inclúen preguntas directas sobre un aspecto. Os alumnos deben responder de maneira directa e breve en base os coñecementos que teñen sobre a materia. Resultado de aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	40	A4 B1 C3 A5 B2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas. Probas que inclúen actividades, problemas ou exercicios prácticos a resolver. Os alumnos deben dar resposta a actividade formulada, aplicando os coñecementos teóricos e prácticos da materia. Resultado de aprendizaxe: Como resultado da aprendizaxe, o alumnado adquire as competencias descritas, particularmente as indicadas como específicas da materia.	20	A2 B4 C4 D3 A3 D5 A5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O inicio do curso, os alumnos deberán manifestala súa intención de acollerse ou non o sistema de avaliación continúa, mediante a entrega, nas dúas primeiras semans de clase, da "ficha de alumno", na que se indicará de maneira expresa a opción elexida.

.Primeira oportunidade de exame (convocatoria de xaneiro)

A. Os alumnos que se acollan o sistema de avaliación continua deberán asistir regularmente as clases presenciais (mínimo dun 80%). O sistema de avaliación continúa esixirá, en todo caso, cumprir co a referida asistencia mínima e, ademais, requirirá unha participación activa e regular nas explicacións, exposicións e actividades/exercicios propostos que, de forma eventual e aleatoria, poderán ser recollidos polo profesor. Estas actividades representarán un 40% da cualificación global. O 60% restante da cualificación virá determinado pola PROBA FINAL , que consistirá nuha parte teórica - 60% da cualificación-, e noutra práctica - 40% restante da cualificación- coas características descritas.

B. Os alumnos que non se acollan o sistema de avaliación continua, ou non acaden a cumprir os requisitos para superar a avaliación continúa deberán realizar unha proba final obxectiva (exame final) que representará o 100% da súa calificación. Constará dunha parte teórica e dunha parte práctica coas características descritas. A parte teórica representará o 60% do total da cualificación, e a parte práctica o 40% restante.

.Segunda oportunidade de exame (convocatoria de xullo)

No exame da convocatoria de xullo os alumnos serán avaliados en base a unha única PROBA FINAL, que representará o 100% da cualificación global, e consistirá nuha parte teórica e unha parte práctica. A parte teórica representará o 60% do total, e a parte práctica o 40% restante.

. FIN DE CARREIRA

No exame de fin de carreira a avaliación será do mesmo carácter, estrutura e os mesmos porcentaxes de cualificación que na segunda oportunidades de exame, como se detalla no párrafo anterior.

DATAS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso 2016/2017.

Bibliografía. Fontes de información

Francisco Vicent Chulià, **Introducción al Derecho Mercantil**, última edición,
Fernando Sánchez Calero, **Instituciones de Derecho Mercantil**, última edición,
Alberto Bercovitz Rodríguez-Cano, **Apuntes de Derecho Mercantil**, última edición,
Manuel Botana Agra y otros, **Lecciones de Derecho Mercantil I**, última edición,
Guillermo Jiménez Sanchez (Coord.), **Lecciones de Derecho Mercantil**, última edición,
Aranzadi West Law,
tirantonline,

En xeral, recoméndase a consulta de calquera dos manuais de Dereito Mercantil que se comercializan no mercado e, en todo caso, na súa edición máis recente.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito de defensa da competencia/O03G081V01923

Dereito mercantil europeo/O03G081V01911

Dereito mercantil II/O03G081V01702

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Dereito da Unión Europea/O03G081V01304

Dereito de danos e responsabilidade civil/O03G081V01926

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/O03G081V01404

Dereito civil III. Familia e sucesións/O03G081V01501

Outros comentarios

. SERÁ IMPRESCINDIBLE PARA PARTICIPAR NA EVALUACIÓN CONTÍNUA, A ENTREGA DA FICHA PERSOAL DO ALUMNO, DENTRO DAS DUAS PRIMEIRAS SEMANS DE CLASE.

. O ALUMNO DEBERÁ, NECESARIAMENTE, ACUDIR AS CLASES PROVISTO DO MANUAL DE TEXTOS LEGAIS - CÓDIGO DE COMERCIO E LEIS COMPLEMENTARIAS-, ASÍ COMO O SEU MANEXO CONSTANTE PARA A PREPARACIÓN DA MATERIA.
